

BASES I CONCURSO SELFIE LINGÜÍSTICO

1. Poderá participar todo o alumnado matriculado en calquera modalidade na EOI de Pontevedra no presente curso académico 2022–23, incluídas as seccións (IES Valle Inclán, Lalín e A Estrada).
2. O tema do concurso é “**Selfie lingüístico**” e as fotografías serán un “selfie” ou autorretrato que ilustre unha frase feita/dito ou refrán que garde relación coa vestimenta/moda. É preciso incluír a explicación do seu significado e a tradución ao galego/castelán. Para quen estude galego, no canto da tradución pídese que tenten atopar un equivalente noutra lingua de estudo da Escola.
3. O alumnado pode empregar o [modelo facilitado](#) para montar a fotografía co texto ou un propio, sempre que inclúa os elementos descritos. As participacións achegaranse por correo electrónico a: plambe.eoipontevedra@gmail.com especificando no asunto ‘selfie lingüístico’ e a lingua pola que se participa. Indicarase tamén nome e apelidos, grupo e profesor/a.
4. Só se admitirá unha participación por alumno/a, coa excepción daqueles que estuden máis dunha lingua, que poderán presentar un ‘selfie’ en cada unha delas.
5. O prazo de entrega remata o **venres, 21 de abril**. Non se aceptarán participacións posteriores a esta data.
6. Os/as participantes ceden os dereitos de autoría e reprodución á EOI de Pontevedra e autorizan a exposición do seu traballo na propia Escola, así como a través da súa páxina web, redes sociais, etc. e publicacións.
7. Haberá seis categorías, unha por lingua (alemán, francés, galego, inglés, italiano e portugués). O xurado para cada unha delas estará integrado por profesorado do Departamento en cuestión e outorgarase un premio en cada categoría atendendo aos seguintes criterios: calidade, creatividade, orixinalidade e relación co tema do concurso. O premio será un vale de 20€ para gastar nunha librería local. Os premios poderán quedar desertos. Do mesmo xeito, se se estima oportuno, poderase decidir conceder algún premio ou agasallo a maiores.